

## CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA GALEGA PARA A XESTIÓN DO COÑECEMENTO EN SAÚDE E ALMIRALL, S.A. PARA A ANÁLISE E A PRESENTACIÓN DOS RETOS DO TELETRABALLO PARA OS PROFESIONAIS SANITARIOS GALEGOS

### MEMORIA XUSTIFICATIVA

O xerente do Servizo Galego de Saúde, DECLARA:

Que a Axencia galega para a xestión do coñecemento en saúde (en diante, ACIS) asinou o día 25.05.2022 con Almirall, S.A. o instrumento convencional arriba referido, que entrou en vigor o día seguinte ao da súa sinatura e estará vixente ata o 31.12.2022.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer as condicións de colaboración entre as partes para levar a cabo un proxecto de divulgación de contidos en formato de vídeos de curta duración nos que se analizarán os retos do teletraballo para os profesionais sanitarios galegos detallando as pautas, ritmos e recursos mais eficientes con formato de entrevistas con especialistas e exemplos concretos.

Que o instrumento convencional que se asina se fundamenta no seguinte:

Entre os fins xerais e obxectivos básicos de ACIS (en tanto que axencia pública adscrita á Consellería de Sanidade a través do Servizo Galego de Saúde) está o de elaborar, en réxime de descentralización funcional, a planificación en materia de docencia, formación, investigación, innovación e avaliación de tecnoloxías e servizos sanitarios, en función dos criterios e obxectivos de planificación estratéxica definidos polo Servizo Galego de Saúde e pola Consellería de Sanidade, así como xestionar o coñecemento no Sistema Público de Saúde de Galicia.

Almirall, S.A., pola súa banda, é unha compañía que ten como obxecto social e finalidades a investigación, o desenvolvemento, a fabricación e comercialización de medicamentos e produtos sanitarios, polo que realiza actividades de investigación no eido da saúde, e ten entre os seus obxectivos prioritarios a investigación e innovación na área da saúde, desexando fomentar a colaboración con entidades públicas, potenciando o desenvolvemento de actividades formativas dirixidas a profesionais sanitarios, incluídas as reflectidas no ámbito deste convenio. En base a isto, o 15.10.2021 formalizou un convenio co Servizo Galego de Saúde para a promoción da investigación e a formación científica orientadas á mellora da atención ao paciente, e é en base a ese polo que agora as partes están interesadas en levar a cabo este concreto proxecto de formación en teletraballo.

O obxecto do acordo agora asinado é a elaboración e divulgación de contidos en formato de 4 vídeos de curta duración, nos que se analizarán as vantaxes do traballo desde casa, o teletraballo eficiente, a xestión on line e o Mindfulness, analizando os retos do teletraballo para os profesionais sanitarios galegos. A tal efecto Almirall, S.A. efectúa unha achega económica, a cal cobre a totalidade do custo do proxecto descrito.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de abril de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago de Compostela.

